

**IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE**

# **PLAN DE CONTINXENCIA**

**CURSO 2020-2021**



O Plan de Continxencia do IES Plurilingüe Rafael Dieste ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro. Seguiranse as medidas establecidas no protocolo xeral das Consellerías de Educación e Sanidade adaptadas ao noso centro.

## **1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO**

- 1- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.2.
- 2- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocárselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.  
Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
- 3- O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- 4- No suposto da confirmación dun caso de coronavirus, a través da aplicación EDUCOVID, tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática EDUCOVID a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
- 5- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- 6- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo
- 7- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de

corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria

- 8- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
- 9- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito
- 10- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## 2. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado **preferentemente a través da aula virtual** de cada grupo.
- O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- O equipo COVID, coa colaboración dos titores e das titoras, identificará ao alumnado que teña **dificultades de conexión** o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial **o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:**
  - a) As programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia, incluíndo, ademais os criterios e instrumentos de avaliación utilizados en escenario non presencial.
  - b) Utilización das seguintes plataformas:
    - Aula Virtual (moodle): os cursos e os usuarios estarán plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. O coordinador da aula virtual é o profesor Pedro José García Estévez.
    - Correo electrónico: o profesorado fará público polo menos un enderezo electrónico, preferentemente o corporativo

- (@edu.xunta.gal). Recoméndase ás familias que proporcionen ao un enderezo electrónico.
- Abalar móbil: a través desta plataforma o centro e o profesorado fará comunicacións, circulares, avisos a grupos e mensaxería individualizada, polo que é moi recomendable que as familias teñan instalada a aplicación no móbil que teñan indicado de urxencia na matrícula.
  - Videoconferencia: o profesorado que o desexe poderá empregar a ferramenta Webex (á espera de confirmación pola Consellería) para videoconferencia.
  - Dentro da autonomía pedagóxica dos docentes, estes poderán utilizar tamén outros recursos, ferramentas e metodoloxías que complementen ás anteriores e que redunden na calidade da ensinanza a distancia.
  - O profesorado realizará actividades de formación ofertadas polo Centro de Formación e Recursos da Consellería que permitan iniciarse e/ou afondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais.
- c) Alumnado con NEE recibirá atención específica do D.O., establecéndose unha canle de comunicación permanente e adaptada ás necesidades académicas e emocionais deste alumnado.
- d) Cando o alumnado estea illado por prescripción médica ou da autoridade competente, o equipo COVID o notificará ao titor ou á titora, quen coordinará ao profesorado do alumno ou alumna para poñer en marcha o ensino a distancia.
- e) O profesorado, unha vez comunicado o caso polo titor ou titora, poñerá en contacto co alumnado afectado para indicarlle as tarefas a desenvolver e as canles de comunicación posibles, seguindo as directrices indicadas na programación didáctica de cada departamento para o ensino a distancia.
- f) Nos casos en que todo o grupo estea confinado, cada profesor poderá utilizar como máximo o seu horario habitual para conectarse co alumnado, **A planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado será a seguinte:**
- Desenvolveranse as clases telemáticas no mesmo horario que o establecido presencialmente. Do tempo de clase, respectarase un mínimo do 60% da carga lectiva por videoconferencia ou similar, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos. O 40% restante será para realización de tarefas asignadas polo profesorado de xeito autónomo por parte do alumnado. A distribución concreta será:

- Sesións de 50 minutos - mínimo 30' videoconferencia – 20' tarefas.
  - Sesións de 100 minutos- mínimo 60' videoconferencia-40' tarefas
- g) As comunicacións co alumnado e familia a través de Abalar móbil, aula virtual ou correo electrónico deberán facerse no horario lectivo para facilitar a desconexión dixital fóra do horario laboral.
  - h) Se as autoridades o permitiesen, o centro podería ser utilizado polo personal docente para determinadas tarefas nun entorno non presencial: clases telemáticas, preparación de materiais, corrección de tarefas, etc.
  - i) Na ESO os titores serán os encargados de coordinar a carga de traballo do seu alumnado baixo a supervisión da Xefatura de Estudos. A tal efecto, manterán unha titoría telemática semanal co grupo. No bacharelato o alumnado enviará as súas propostas a través do delegado de grupo, que as porá en coñecemento do titor.
  - j) O profesorado informará ao titor ou á titora do rendemento académico do alumnado confinado, cunha periodicidade quincenal.
  - k) As probas ou exames poderán adiarse para realizarse presencialmente á volta do alumnado á actividade presencial, se os prazos para as avaliacións así o permiten, e sempre que non se produza unha sobrecarga diaria de exames. De non ser así, cada profesor/a establecerá as condicións para realizar as probas a distancia, segundo estea contemplado na programación didáctica do departamento.
  - l) O centro mobilizará os recursos ao seu alcance para garantir que todo o alumnado dispoña de equipo e conexión nos períodos non presenciais. Contamos con tablets doados pola ONG Axuda en Acción e informaremos á Consellería do número de equipos e kits de conexións precisos para atender ás demandas das familias.

### **3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### **Fase 1 (Adecuación dos espazos)**

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, serán as autoridades sanitarias as que darán as instrucións de organización, revisión e adaptación das novas medidas e o equipo COVID do centro xunto co Equipo Directivo será o encargado de levalas a cabo.

Duración: determinada polas autoridades sanitarias. Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. Revisar o deseño e execución do Plan de Adaptación á situación COVID do centro
- Revisión e reorganización, se fose necesario, dos recreos e das circulacións no centro.
- Reforzamento dos elementos de hixiene, seguridade e ventilación.
- Prever o alumnado que regresará ás aulas na fase 1 .
- Inicio da formación non presencial a todo o alumnado.
- Valoración das necesidades de ferramentas dixitais e conexión de todo o alumnado nas súas casas e xestión para solucionar os problemas identificados.

### **Fase 2 (Formación de pequenos grupos)**

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será de arredor do 33 %.

Duración: determinada polas autoridades sanitaria e educativa.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Sincronización da educación presencial e telemática.
- Confirmación das medidas tomadas para solucionar a situación de ferramentas dixitais nos domicilios do alumnado e o acceso aos mesmos.

### **Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será de arredor do 66%

Duración: determinadas polas autoridades sanitaria e educativa.

Obxectivos: (por determinar)

- Reforzar a formación do alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Sincronización da educación presencial e telemática.
- Normalizar o funcionamento do grupo ao funcionamento xeral do centro.

### **Fase 4 (Fase de Reactivación)**

Duración: será marcada polas autoridades sanitarias.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Integración do alumnado no funcionamento xeral do centro